

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA A CELEBRACIÓN DA SEGUNDA EDICIÓN DA FEIRA DE ENERXÍA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar coa Fundación Semana Verde de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 30 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular as condicións da colaboración conxunta entre o Inega e a Fundación Semana Verde de Galicia encamiñadas a organización no vindeiro ano 2018 da segunda edición da feira de carácter monográfico de enerxía que ten por obxectivo a promoción e potencialización dos principais sectores enerxéticos:

- O Gas Natural Licuado (GNL)
- As enerxías renovables clásicas: hidráulica, eólica e solar
- As novas enerxías renovables: aerotérmica, xeotérmica, ...
- Autoconsumo enerxético

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

No desenvolvemento das actuacións de promoción, divulgación e potenciación dos principais sectores enerxéticos para que acaden a maior repercusión posible entre o sector empresarial, profesional e a poboación galega enmarcados nunha segunda edición da Feira de Enerxía, precisando dun escenario singular e dinámico que a través da actuacións que desenvolverá o Inega e a Fundación Semana Verde de Galicia, en virtude da colaboración, se enmarcan no interese público, social e económico e, de



acordo co disposto no artigo 26.2 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência competitiva pola especificidade das características que debe cumprir a entidade destinataria da subvención, o que dificulta a súa convocatoria pública.

O Inega e a Fundación Semana Verde de Galicia queren que o presente proxecto acade a maior repercusión posible entre o sector empresarial, profesional e a poboación galega, provocando un efecto positivo de arrastre cara os sectores enerxéticos

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 10 de agosto de 2017.

